

ran obrigados o aboamento dos prezos públicos. Non efectua-lo pagamento produciría automaticamente a anulación de matrícula en tódalas disciplinas.

Disposición transitoria

Mentres non se extingan totalmente as ensinanzas do grao superior de música anteriores á Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, os prezos públicos destas ensinanzas nos conservatorios de música dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria serán:

- * Alumnos oficiais do plan 1966.
- Inscripción por primeira vez: 19 euros.
- Servicios xerais: 11 euros.
- Matrícula de disciplinas soltas: 45 euros.
- Prezos por validación de disciplinas: 6 euros.

Orde do 24 abril de 2002 pola que se regula o procedemento para o reintegro individual de gastos por asistencia a actividades de formación do profesorado non universitario.

Os plans de formación do profesorado de niveis non universitarios da Comunidade Autónoma de Galicia perseguen, como obxectivos xerais, mellora-la competencia profesional do profesorado, fomenta-la reflexión crítica sobre a súa actividade cotiá e crear actitudes proclives á investigación e á experimentación educativas.

Coa finalidade de facilita-la participación do profesorado en actividades de formación que contribúan á consecución dos obxectivos anteriormente sinalados, a Consellería de Educación e Ordenación Uni-

versitaria organiza distintas actividades de formación orientadas a conxuga-las necesidades derivadas do propio sistema educativo coas demandas xurdidas do mesmo profesorado.

Non obstante o anterior, a especificidade dalgúns actividades de formación, ou as características especiais que a súa realización esixe, desaconsella a súa organización pola propia consellería ou polos centros de Formación e Recursos dependentes dela, sen que iso poida supoñe-la imposibilidade para o profesorado de asistir a este tipo de actividades, e que, de non facilitarse a dita opción, suporía discrimina-lo profesorado afectado por tales circunstancias.

Por iso procede establecer un sistema que permita o reintegro, cando menos parcial, dos gastos orixinalos pola asistencia a este tipo de actividades de formación do profesorado.

En consecuencia, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.

1. Establece-lo procedemento para o reintegro individual de gastos derivados da asistencia a actividades de formación non organizadas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, ou os centros de Formación e Recursos dela dependentes, que se desenvolvan na Comunidade Autónoma de Galicia, no resto do territorio español ou no estranxeiro, e que comecen entre os días 1 de xaneiro e 31 de decembro de 2002.

2. Para facilita-la distribución do orzamento ó longo do ano estableceranse dúas quendas. A primeira abranguerá as actividades que comecen entre os días 1 de xaneiro e 30 de xuño de 2002, e terá unha dotación orzamentaria de 42.070,85 euros. A segunda será para actividades que comecen entre os días 1 de xullo e 31 de decembro de 2002, e terá unha dotación orzamentaria de 42.070,85 euros. No caso de que o orzamento dedicado á primeira quenda non se esgotase, pasará a incrementa-lo orzamento da segunda quenda.

3. En ningún caso se concederán reintegros para a asistencia a actividades de formación de carácter regrado conducentes á obtención dun título, así como para actividades de formación inherentes a estudos regrados.

4. Os reintegros individuais financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 07.04.322I.640.1 deste exercicio económico, correspondente ós orzamentos da Comunidade Autónoma. Unha vez repartida a devandita contía, as solicitudes de reintegro serán automaticamente denegadas por ter esgotado o orzamento.

O gasto que se proxecta está condicionado á existencia do crédito adecuado e suficiente nos orzamentos do exercicio do ano 2002, en trámite parlamentario.

Segundo.-Poderán solicita-los devanditos reintegros os profesores de niveis non universitarios, con destino en centros docentes públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, en equipos de orientación específicos, e os profesores adscritos ós centros de formación e recursos dependentes desta comunidade e sempre que para a asistencia á mesma actividade non perciban axudas de ningún tipo e que non recibisen reintegros individuais nas dúas últimas convocatorias (anos 2000 e 2001). Así mesmo, non se concederán reintegros a aqueles profesores que estean gozando de licencias por estudos durante o período de realización da actividade de formación.

Terceiro.-Os reintegros concederanse para actividades de formación, cursos, xornadas, encontros, conferencias, congresos e outras análogas, directamente relacionadas coa disciplina, área, ciclo ou especialidade que imparta o solicitante, e segundo os seguintes tipos e límites que se indican:

Tipo I:

Lugar de realización: Comunidade Autónoma de Galicia.

Contía máxima: 300,51 euros.

Tipo II:

Lugar de realización: resto do territorio español.

Contía máxima: 510,86 euros.

Tipo III:

Lugar de realización: estranxeiro.

Contía máxima: 1.021,72 euros.

Cuarto.

1. Os/as interesados/as deberán dirixi-la súa solicitude, segundo o modelo que figura no anexo I desta orde, á delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da que dependan, directamente ou mediante calquera dos procedementos establecidos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, polo menos 20 días naturais antes do comezo da actividade para a que solicitan o oportuno reintegro. Para as actividades que comezasen antes da publicación desta orde, o prazo de solicitude rematará o vixésimo día natural, contado a partir do seguinte ó da publicación desta orde no DOG.

2. Á solicitude engadiráselle a seguinte documentación:

a) Orixinal ou fotocopia da convocatoria da actividade para a que se solicita o reintegro.

b) Certificación do director do centro na que se xustifique que o solicitante exerce actualmente nel e na que se especifique a disciplina, área, ciclo ou especialidade que imparte. A dita certificación substituirase por outra expedida polo servizo de inspección correspondente, no caso de que o solicitante estea destinado nunha escola unitaria.

c) Orzamento dos gastos de matrícula e desprazamento exclusivamente. En ningún caso se farán constar gastos de mantenza e aloxamento.

d) Breve explicación dos motivos polos que se desexa asistir á actividade, e repercusión da asistencia a esta na súa función docente.

e) Declaración xurada de non ter recibido reintegro individual nas dúas últimas convocatorias (anos 2000 e 2001), así como de non estar gozando de licenza por estudos durante o período de realización da actividade de formación.

f) Declaración xurada de non percibir outro tipo de axuda para a mesma actividade.

De acordo co establecido no artigo 71 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, requirírase daqueles solicitantes que non acheguen os requisitos anteriormente sinalados para que nun prazo de dez días emenden as faltas ou xunten os documentos preceptivos; de non o facer, considerarase que desistiron da súa petición e arquivarase o expediente.

Quinto.-As delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, coa maior brevidade, e sempre dentro dos 10 días seguintes ó da súa recepción, remitiranlle á Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional os expedientes de solicitude co informe da Inspección Educativa e a súa proposta, segundo o modelo que figura no anexo II desta orde.

Sexto.

1. O reintegro concederáse de forma individual e a súa contía fixarase tendo en conta o centro en que estea destinado/a o candidato/a no momento de cursa-la instancia, as características da actividade, o lugar de realización, os gastos de inscrición e a adecuación ó nivel de docencia ou especialización que imparta o solicitante. En todo caso, terán preferencia aqueles solicitantes que nunca obtiveron reintegro individual.

2. A valoración dos méritos e demais circunstancias da solicitude para a concesión de reintegros serán estimadas por unha comisión que estará integrada por:

Presidente: o subdirector xeral de Ordenación Educativa.

Vocais:

-O xefe do Servicio de Formación do Profesorado.

-Un funcionario destinado no Servicio de Formación do Profesorado.

-Un funcionario da Inspección Educativa.

-Un funcionario desta consellería, que actuará como secretario.

3. A Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional, á vista da proposta da

devandita comisión, resolverá a concesión ou denegación do reintegro solicitado.

Sétimo.-A concesión ou denegación do reintegro seralle notificada directamente ó interesado/a, mediante resolución pola Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional. Contra a devandita resolución os interesados/as poderán interpoñer recurso de alzada, perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ó da recepción da notificación, de acordo co disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 4/1999 (BOE do 14 de xaneiro), de modificación da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de axudas outorgadas por outras administracións ou ente públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión. As solicitudes entenderanse desestimadas de non existir resolución expresa no prazo de tres meses, contados a partir da data de solicitude do reintegro individual.

Oitavo.-O aboamento do reintegro tramitarase unha vez que finalice a actividade. Para iso, o interesado/a deberá remitir á Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional, dentro dos dez días seguintes ó da finalización da actividade ou, se é o caso, de ter recibida notificación da concesión da axuda por parte da dirección xeral, a seguinte documentación:

a) Breve memoria con informe crítico da actividade desenvolvida.

b) Documento orixinal que xustifique o pagamento da matrícula ou inscrición na actividade, e que especifique o importe do gasto realizado.

c) Xustificación dos gastos de desprazamento, segundo corresponda (billete de avión, de tren... factura da axencia ou declaración xurada de ter realizado o desprazamento en vehículo propio), tal como se establece no Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25 de xuño). Todo iso en documentos orixinais.

d) Fotocopia debidamente compulsada do certificado de asistencia, expedido pola entidade organizadora. No caso daquelas actividades que rematen no ano seguinte, compromiso expreso de entregar copia do certificado no momento da súa emisión.

e) Declaración xurada de non percibir outro tipo de subvención para a mesma actividade.

Noveno.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2002.

Celso Currás Fernández
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO I



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

PROCEDEMENTO REINTEGROS INDIVIDUAIS PARA A FORMACIÓN DO PROFESORADO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED303A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DA ACTIVIDADE

TÍTULO DA ACTIVIDADE	
LUGAR DE REALIZACIÓN	DATAS DE REALIZACIÓN

DATOS DO SOLICITANTE

APELIDOS	NOME	NIF
ENDEREZO		LOCALIDADE
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

DATOS BANCARIOS

ENTIDADE	SUCURSAL	D.C.	NÚMERO DE CONTA
----------	----------	------	-----------------

DATOS PROFESIONAIS DO SOLICITANTE

<p>NIVEL INFANTIL-PRIMARIA</p> <p>ED. INFANTIL <input type="checkbox"/> 1º CICLO <input type="checkbox"/> 2º CICLO <input type="checkbox"/> 3º CICLO <input type="checkbox"/></p> <p>ÁREAS QUE IMPARTE NESTE CURSO _____</p> <p>ESPECIALIDADES QUE POSÚE _____</p>		<p>NIVEL SECUNDARIA</p> <p>COU <input type="checkbox"/> FP <input type="checkbox"/> CICLOS FORMATIVOS <input type="checkbox"/> ESO <input type="checkbox"/></p> <p>BACHARELATO <input type="checkbox"/> ESC. ARTE <input type="checkbox"/> CONSERVAT. <input type="checkbox"/> EOI <input type="checkbox"/></p> <p>DISCIPLINA/CICLO FORMATIVO _____</p> <p>MATERIAS QUE IMPARTE NESTE CURSO _____</p>	
N.R.P.	ANOS DE DOCENCIA	NOME DO CENTRO ONDE EXERCE	
ENDEREZO DO CENTRO			TELÉFONO
LOCALIDADE	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA
¿ PARTICIPA NALGÚN PROXECTO DE INVESTIGACIÓN ?		¿ PERTENCE A UN SEMINARIO PERMANENTE OU A UN CENTRO DE TRABALLO ?	
SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>		SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>	
TÍTULO DO PROXECTO DE INVESTIGACIÓN OU INNOVACIÓN NO QUE PARTICIPA			
TÍTULO DO SEMINARIO OU GRUPO DE TRABALLO Ó QUE PERTENCE			
ESTÁ NUN CENTRO QUE SOLICITOU PARTICIPAR NA CONVOCATORIA DE PROXECTOS DE FORMACIÓN NOS CENTROS			
TÍTULOS DAS ACTIVIDADES DE FORMACIÓN ÁS QUE ASISTIU NO ÚLTIMO CURSO ACADÉMICO			
TIPO DE REINTEGRO (I, II, III)	CUSTO DA INSCRICIÓN E ENSINO	CUSTO DESPRAZAMENTO	CANTIDADE SOLICITADA

<p>LEXISLACIÓN APLICABLE</p> <p><i>Orde do 24 de abril de 2002 pola que se regula o procedemento para o reintegro individual de gastos pola asistencia a actividades de formación do profesorado non universitario.</i></p>
<p>SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA</p> <p>_____ de _____ de 200 .</p>

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA
		____ / ____ / ____
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS
		____ / ____ / ____
		DATA DE SAÍDA
		____ / ____ / ____

Delegado provincial de _____

ANEXO II

Modelo de informe para a concesión do reintegro individual tipo I, II. Ano 2002.

Vista a solicitude de reintegro individual de tipo formulada por:

Don/Dona.....

pertencente ó corpo de, con DNI,

destinado no centro,

localidade, provincia

Esta delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, unha vez solicitados os informes oportunos, emite informe (1) tendo en conta os seguintes motivos:

E propón que lle sexa (2)

..... de de 2002.

O/a delegado/a provincial da Consellería de
Educación e Ordenación Universitaria

(1) - Favorable / desfavorable

(2) - Concedida / denegada